



Autoretrato de Manuel Prego

41x14

A Obra de Manolo Prego na Fundación Vicente Risco

Manolo Prego, artista nato e home de nada común intelixencia e mais fonda cultura, está para nós, quen nos beneficiamos da súa presenza cotiá, vencellado dun xeito natural e inveterado a Vicente Risco. Prego figura, pola súa calidade e número, entre o acervo máis salientábel do patrimonio pictórico e escultórico hoxe preservado nesta Fundación. Non é casual, xa que logo, esta mostra segregada dos fondos plásticos da Fundación que leva o nome do mestre.

Mais diciamos que, aos nosos ollos, Risco e Prego formaban unha presenza inseparábel. De certo. Non só pola coincidencia física diaria nas sucesivas tertulias, desde a xeración precedente á de Prego, á última, no entresolo do café Parque, cuio hotel xerenciaba o seu cuñado, o caballeiro intelectual Ernesto Gómez del Valle, fronte ao antigo Campo da Feira. Alí xuntabábamonos xentiña de diversas idades e non ideas senón ideoloxías, segundo se adoitaba daquela.

Por riba desa comunión sen dúbida sincretista, preexistía no cerne daquel Ourense prodixioso, inexplicábel mais indiscutibelmente prodixioso, a comunión do espírito. Unha primeira ollada revela o sentimento telúrico da terra -"terra, a nosa"- identifica sen solución de continuidade as criaturas obsesivas de Prego, fundidas nas raíces primordiais que, no devir do humus histórico, precipitou na nazón, a nosa, a dos galegos.

A admiración de Prego por Risco era recíproca, pois don Vicente tiña en gran estima tanto a pintura de Manolo como súa bagaxe teórica. Este respecto e entendemento mutuos non significaba, de ninguna maneira, unha actitude reverencial do Prego, xa que este, defensor ata o milímetro da súa concepción da pintura -e, sobretudo, da súa- levábao a discrepar máis dunha vez dos puntos de vista do mestre. Co pintor ourensano non se podía utilizar como argumento o principio de autoridade por moi fundada que estivese.

Quixemos encabezar esta exposición ata o de agora nunca exhibida, cun dos mellores retratos que se lle fixeron a Risco, un deses penetrantes deseños que, en palabras do Castelao, profundaban do retratado, pel adentro ata enxergar o espírito. Para o que debemos toda a nosa gratitude á Laura Prego Gómez del Valle, unha das fillas do gran artista, benquerida e xenerosa amiga, como o son todos os fillos de Blanca e Manolo: Ricardo, Manolo, Blanca, Alberto, Margarita e Laura.

Arturo Lezcano (Vicepresidente da Fundación Vicente Risco).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Dirección Xeral de Difusión e Creación Cultural